

A FIGURA DO "FORMADOR DE FORMADORES" EN GALICIA *

Eduardo Xosé Fuentes Abeledo
Mercedes González Sanmamed
Univ. de Santiago

1.- OS RETOS DA REFORMA.

A Reforma Educativa emprendida polo Ministerio de Educación e Ciencia (MEC) pretende, como suliñan tódolos documentos oficiais, non só un cambio de ordenación e estrutura, senón mellora-la calidade do ensino a través, principalmente, da motivación e preparación do profesorado. Recoñécese con insistencia que a calidade dun sistema educativo depende, fundamentalmente, dos profesores. O establecemento dun novo modelo curricular e algunhas modificacións estruturais no sistema educativo, son dous dos aspectos de maior incidencia na toma de decisións con respecto á política de desenrolo curricular que o MEC e as Administracións Educativas Autonómicas emprenderon en España.

A esixencia durante moitos anos dunha política educativa centralista e autoritaria, caracterizada por un forte intervencionismo, a través do cal a Administración se reservaba moitas competencias e responsabilidades no ámbito do curriculum, foi unha das causas da desprofesionalización dos docentes e como sinala Gimeno (1988) do seu desarme cultural, técnico e ideolóxico. A autonomía do profesor nun curriculum pechado e moi prescriptivo é certamente limitada. Os "libros de texto", aprobados pola Administración Educativa, convertíronse nos auténticos configuradores da práctica pedagóxica.

Este curriculum pechado, e a interpretación que del fan os produtores de materiais uniformizadores potenciaron un perfil de profesor executor, consumidor de curriculum, que desenrolou en moi pequena medida capacidades e destrezas que deben ser xenuinas do seu oficio de ensinante.

As novas propostas da Reforma, responsabilizan ós docentes da elaboración de Proxectos Educativos de Centro, Proxectos Curriculares e Programacións de Aula adaptadas ós contextos e alumnos concretos, partindo dos Deseños Curriculares Base (DCB). Os DCB pretenden ser

* Este traballo se corresponde, excepto algunhas modificacións, con el texto de la Comunicación presentada en el "Congreso Nacional de Educación Infantil e Básica", organizado por el CIFOP de la "Universidade do Minho" y celebrado en 1990.

flexibles e abertos, ampliando as posibilidades de toma de decisións dos profesores. Como se afirma nos documentos oficiais (por exemplo: MEC, 1989 a), quérese:

"Otorgar ós profesores un papel activo no proceso de desenvolvemento das propostas que vaia máis alá do mero executor duns programas, proporcionándolles máis autonomía na elaboración de Proxectos Curriculares" (p. 20).

O modelo curricular adoptado, cun grado de apertura nada desdeñable e un enfoque constructivista que ten como obxectivo a aprendizaxe significativa, así como a necesidade de elaborar en equipo Proxectos Educativos e Proxectos Curriculares nos centros, son algúns dos aspectos a destacar para comprender unha serie de medidas xeneradas dende as Administracións Educativas en torno á creación de servizos de apoio á escola, formación do profesorado, potenciación de determinadas liñas de investigación educativa e de materiais curriculares alternativos ó libro de texto. Pero tamén os cambios estruturais coma a contemplación da Educación Infantil dende os 0 ata os 6 anos, a ampliación ata os dezaseis anos do ensino obrigatorio, os novos ciclos e a existencia de novas especialidades, deben ser tidos en conta para entender as distintas iniciativas oficiais.

2. OS CAMBIOS NA FORMACION EN EJERCICIO

Nos últimos anos a formación en exercicio dos profesores convertiuse nun dos temas "estrela" en España dentro do ámbito educativo. Os cambios na política educativa das Administracións correspondentes e a súa concreción nas políticas de formación, así como as propias esixencias dos docentes, propiciaron avances na conceptualización, investigación, planificación e desenvolvemento da formación en exercicio.

Configuración de novos modelos, creación de novas institucións encargadas da formación en exercicio de docentes que exercen en niveis non universitarios, posta en marcha de modalidades formativas escasamente ensaiadas con anterioridade, aparición de novas figuras encargadas de funcións diversas, crecemento das inversións e outros múltiples aspectos configuran unha realidade complexa de estudar, e en maior grado dende o traspaso de competencias do Estado ás diferentes Comunidades Autónomas (Imberón, 1989; González y Fuentes, 1990).

Dentro do proceso xeral de medidas para a Reforma do Sistema Educativo, a formación en exercicio comenza a ocupar un papel central. Xa no ano 1984, o entón Ministro de Educación, expoñía no libro "La Reforma de la Enseñanza", algúns criterios e liñas de acción que configurarían unha nova política oficial de formación superadora do "paternalismo ilustrado e o dirixismo", e dos defectos achacados á políticas anteriores: deficiente planificación, descoordinación entre institucións, falla de avaliacións rigurosas, centralismo, etc. (Maravall, 1984).

As iniciativas do MEC seguidas por varias das Administracións Educativas Autonómicas, tenderon dende entón a articular as necesidades educativas dos profesores e o seu protagonismo na formación coas necesidades e esixencias que a Administración considera nun determinado momento. Os "Centros de Profesores", na terminoloxía do MEC, propuxéronse coma:

"institucións básicas para levar a cabo a política de perfeccionamento do profesorado, próximas á práctica docente, na que os profesores intercambien as súas experiencias e dispoñan dos medios precisos para a súa posta ó día, ubicándose neles os recursos materiais e humanos precisos" (Maravall, 1984, p. 78).

A finais do 1984, o MEC crea os Centros de Profesores (CEP), e progresivamente a maioría das Comunidades Autónomas poñen en funcionamento institucións semellantes cunha estrutura organizativa que permite a participación dos profesores no deseño, desenvolvemento e avaliación das accións de formación e na marcha do Centro, e que serven de enlace entre a Administración e os centros docentes.

Os CEP elaboran os seus correspondentes plans anuais de actividades a desenvolver na súa zona interrelacionados con plans de formación a diferentes escalas (provinciais, autonómicos, etc.). Preténdese que atendendo á autonomía de zonas, centros e profesores, as diferentes iniciativas sexan coherentes con plantexamentos xerais que se plasman en documentos de diversa índole, coma o "Plan Marco" do MEC (1989b). Cada vez apóstase en maior medida polo deseño de plans xerais -a medio e longo prazo- que sirvan de marco de referencia para a vertebración de plans anuais, provinciais, de zona, de CEP..., dos distintos programas e accións concretas, e lles den coherencia en función duns obxectivos prioritarios.

Para a realización dos plans de perfeccionamento o MEC foi a primeira Administración que institucionalizou as figuras do "formador de formadores" e do "responsable de área e ciclo", encargados de funcións coma a dinamización, dirección e coordinación de diferentes accións de formación en exercicio.

3. OS ASESORES DE FORMACION COMO SERVICIO DE APOIO O PROFESORADO.

Nos últimos anos en numerosos países xurdiron debates, propostas, investigacións e experiencias arredor dos axentes implicados nas tarefas de formación en exercicio. Informes e conclusións de reunións internacionais (Blackburn y Moisan, 1986; MEC e Comisión CEE, 1987; OCDE-CERI, 1982) destacan a importancia de contar con "formadores" -asesores, moderadores, conselleiros pedagóxicos, consultores, facilitadores, asistentes técnicos, etc.-, preparados para impulsar a innovación pedagóxica e facilitar instrumentos para a súa aplicación.

En España a creación dos CEP ou centros con funcións semellantes, supuxo o xurdimento de postos de traballo con dedicación total o parcial en relación coas actividades de formación, experimentación e innovación. Profesores de Ensino Xeral Básico e Ensino Medio fundamentalmente, comezaron a realizar a partir do ano 1984 tarefas diversas en ditos centros. No ano 1987, o MEC ante a necesidade de contar con equipos de formadores suficientemente cualificados, pon en marcha dous programas, un de actuación conxunta con Comunidades Autónomas para a formación de "formadores en didácticas específicas" e outro para formar "responsables de área e ciclo" en Centros de Profesores. O perfil dos "formadores de formadores", exprésase nas ordes de convocatoria dos cursos:

"persoas con ampla experiencia docente, cunha rigurosa formación científica didáctica, conoedores das principais liñas da investigación educativa e das bases psicolóxicas da aprendizaxe que a sustentan, aptos para traballar con adultos, e, en definitiva preparados para axudar ó profesorado a realizar o cambio conceptual e metodolóxico que est demandando o noso sistema educativo" (MEC, 1987).

Ata agora o MEC orgonizou dous cursos de "formadores de formadores" e continú desenrolando o programa de "responsables de área e ciclo". Na actualidade téndese cara a unificació das figuras de "profesor de apoio" nos CEP, "formador de formadores" e "responsable de área ciclo", na figura do "asesor de formación permanente". Nos documentos ministeriais sobre formación en exercicio (por exemplo MEC, 1989 b) afirmase que dita figura intenta recoller tradición dos "formadores de adultos" franceses e dos "moderadores" da Renania Norte-Westfalia. Os asesores forman parte do Equipo Pedagóxico dos CEP, e según se recolle en ditos documento terán que cumprir funcións de organización e xestión da formación permanente e de "experto" n didáctica dunha área ou materia, con capacidade para transmitir experiencia a outros profesores sobre a súa práctica docente. Polo tanto, a elaboración e supervisión dos plans anuais de formación, coordinación de actividades, a difusión e intercambio de experiencias e materiais curriculares, colaboración con outros profesionais en procesos de axuda á elaboración de Proxectos Educativos de Centro e Proxectos Curriculares, son tarefas destacadas no "Plan Marco de Formación Permanente" (MEC, 1989 b), que corresponden ós asesores. O documento afirma igualmente que desenrolo legislativo irá definindo esta figura.

Os documentos oficiais sobre formación en exercicio refírense fundamentalmente ós asesores que desempeñan funcións nos Equipos Pedagóxicos dos CEP, pero convén sinalar que outras figuras con actuación en diferentes ámbitos territoriais tamén realizan servizos de apoio escola e inciden sobre a formación en exercicio con diversas e heteroxéneas funcións, como os inspectores, coordinadores de reformas curriculares, servizos de orientación, etc.

4. A FORMACION EN EXERCICIO EN GALICIA.

Ata moi recentemente a Administración Educativa Galega seguiu un esquema de formación en exercicio no que as actividades de formación eran xestionadas polas Direccións Xerais correspondentes coa colaboración do Instituto de Ciencias de Educación da Universidade, e tend como brazo operativo a nivel provincial ó Servicio de Inspección, que definía e coordinaba as accións de formación. Dende o traspaso de competencias en materia educativa polo Estado Central Comunidade Autónoma no ano 1982 seguíuse funcionando con este esquema ata o curso 1987-88; se ben en 1985, se crearon 31 "Centros de Recursos" dentro dun programa de Educación Compensatoria. Ditos centros organizaron algunhas actividades de perfeccionamento baixo coordinación do Servicio de Inspección, e asumen funcións de apoio e asesoramento ó profesorado fundamentalmente en Medios Audiovisuais.

A ausencia de plans de formación que permitisen aunar e coordinar esforzos e iniciativas dispersas e desen coherencia e sentido ás accións desenroladas, que estivesen fundamentados nunha diagnose de necesidades e permitisen a participación dos principais protagonistas, os propios profesores, no seu deseño, execución e avaliación, son aspectos a destacar. Por outra parte, "cursiño" foi a modalidade formativa máis usual, que non propiciou un cambio substancial e

práctica da aula e conduciu a un hábito "consumista" por parte dos profesores, fundamentalmente de EXB, posto que as actividades para Ensino Medio foron moi escasas. As accións formativas de carácter puntual e aillado non conlevaron no seu deseño fases de aplicación-reflexión en contextos reais, e non xeneraron unha dinámica permanente de formación nen o xurdimento de grupos estables de traballo. Un estudio detallado das actividades postas en marcha no período 1982-setembro 1989 revela ademais ausencias moi chamativas en áreas fundamentais do curriculum e nas que os profesores demandaban formación (véxase Montero, 1985; González 1986; Fuentes y González, 1989, 1990).

Nembargantes, é necesario suliñar que dende o curso 1987-88, viñéronse tomando unha serie de medidas que denotan unha nova orientación na política de formación en exercicio, impulsando vías menos verticalistas e xerarquizadas: subvencións a Seminarios Permanentes de Profesores, convocatorias de Proxectos de Formación en Centros, Programas de Desenvolvemento da Investigación e Innovación Educativa. Medidas como éstas e varios proxectos deseñados permiten vislumbrar un cambio de rumbo. Lentamente a Administración Educativa Galega foi tomando conciencia da necesidade de aborda-la formación en exercicio con maior seriedade, encamiñándose cara un novo modelo. Neste proceso hai que entende-la aparición da figura do "formador de formadores", ligada ós cambios que introduce a reforma.

5. OS "FORMADORES DE FORMADORES" EN GALICIA.

A finais de 1987, dende a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, tomáronse decisións de certa relevancia coa intención de impulsa-la Reforma Educativa na Comunidade Autónoma. Entre elas interésanos destacar eiquí a participación no programa de preparación dos "formadores de formadores". Nos cursos académicos 1987-88 e 1988-89, un total de 46 profesores galegos seleccionados a través dun concurso público de méritos, realizaron os cursos correspondentes en diferentes universidades españolas con compañeiros do resto do Estado Español. Os cursos contaron con tres fases: intensiva, de aplicación práctica e de análise e avaliación. Excepto a segunda fase que se desenrolou na Comunidade de procedencia, as demais realizáronse nas Universidades respectivas. Tódolos profesores galegos superaron as distintas fases do curso e quedaron comprometidos a participar nos plans de formación do profesorado cando a Administración considerase oportuno durante os tres anos seguintes á finalización do curso.

A ausencia de normativa reguladora do rol e funcións desta nova figura en Galicia e a inexistencia de institucións que como os Centros de Profesores ou similares posibilitasen un axcitado desenrolo das actividades, foron, entre outras, as causas que xeneraron unha situación singular dos "formadores de formadores" galegos.

Durante o curso 1988-89, os formadores que aprobaron os cursos correspondentes estiveron a total disposición dos servicios centrais da Consellería de Educación, sen carga docente, adicados á coordinación de esporádicas, puntuais e escasas accións de perfeccionamento e á elaboración de documentos técnicos relativos á planificación da formación en exercicio a nivel de toda a Comunidade Autónoma. Entre estes últimos destacamos o denominado "Plan Ponte de Formación", previsto inicialmente para ser posto en práctica no curso 1988-89 e que pese a ser un plan de urxencia antes da creación da institucións encargadas de organiza-la formación en exercicio de forma descentralizada e coa participación do profesorado, contaba cun corpus teórico, diagnose de

necesidades formativas, obxectivos, estratexias e accións formativas, todo elo artellado de forma coherente, polo que por primeira vez Galicia contaba cun deseño de formación a curto prazo para intervir en varias áreas e ciclos. Sen embargo, e por razóns non explicadas polos responsables da política de formación, o Plan púxose en marcha moi tardiamente e só para o primeiro trimestre do curso 1989-90 cunha notable redución nas actividades previstas, e a desenrolar nun curtísimo espacio de tempo.

A ausencia de infraestrutura, o escaso volume de actividades desenrolado durante o primeiro ano de actuación dos "formadores", a indefinición e a falla de apoio da Administración cara diversas iniciativas propostas polo equipo de formadores son algunhas das causas máis importantes que explican a escasa influencia entre o profesorado, durante o primeiro ano de existencia, da nova figura creada nun momento de gran frustración entre os docentes tras dunha longa folga, e cando as demandas de información e accións formativas eran de moi diversa índole.

As expectativas xeneradas co esperado Decreto regulador dos denominados en Galicia "Centros de Formación Continuada do Profesorado" (Decreto 42/1989 de 23 de febreiro -DOG do 31 de Marzo-), tampouco se viron satisfeitas, posto que aínda non se puxeron en funcionamento.

No artigo 1 dese Decreto establécese que estes centros:

"configuraránse como entes de apoio e perfeccionamento do profesorado, así como o instrumento para levar a término as actividades de innovación e renovación pedagóxica, a dinamización e axudas ós centros de ensino, e o apoio, fomento e difusión de investigacións e experiencias educativas".

No citado Decreto establécese que os Centros contarán cun "Equipo de Asesoramento técnico-pedagóxico", ó que, "no seu caso", quedarían adscritos os formadores en didácticas específicas.

O equipo de "formadores de formadores", foi o encargado de deseñar a finais do curso 1988-89, un amplo documento denominado con posterioridade "Plan Galego de Formación Continuada do Profesorado" (1990), no que se define con claridade o modelo de formación, obxectivos, campos e modalidades formativas, estruturas de formación, a avaliación, proxectos a desenrolar en seis anos, xunto coa cuantificación do plan ata o ano 1995. Dito plan foi proposto pola Consellería de Educación á Mesa Sectorial Docente non universitaria onde están representadas as Centrais Sindicais, e tras algunhas modificacións foi aprobado por maioría.

Dende entón, só algunhas das iniciativas nel plantexadas foron desenrolándose con presupostos moi inferiores ós previstos, e en todo caso, vense actuando no marco dun modelo centro-periferia e con plans de formación anuais semellantes ó primeiro "Plan Ponte de Formación" do curso 1989-90. Sen dúbida unha das consecuencias máis negativas desta situación foi e é a falla de apoio para a necesaria continuidade de moitos grupos de traballo xurdidos de actividades puntuais coma os centos de cursos realizados.

Na actualidade os "formadores de formadores", están adscritos a un centro escolar, no que imparten cinco horas de docencia semanais ou cunplen funcións de apoio e realizan labores de dinamización e asesoramento a grupos de traballo ou profesores concretos, según iniciativas individuais e o voluntarismo de cada quen, con escaso apoio material, económico e de

infraestructura, exceptuando as asignacións presupostarias para o desenvolvemento de accións puntuais como Cursos, Xornadas, Encontros de Profesores, etc.

6. CONSIDERACIONES FINAIS.

Tentamos ofrecer moi brevemente unha descrición da situación dos "formadores de formadores" ou "asesores de formación" na Comunidade Autónoma Galega, aportando igualmente datos sobre o contexto español e galego, no marco dos cambios derivados das esixencias da Reforma Educativa.

O noso entender, son interesantes as iniciativas das Administracións Educativas que están a desenvolver ámbitos de actuación intermedios entre a práctica docente nas aulas e o centro do sistema que deseña o "cambio oficial". As esixencias de concreción do DCB e os procesos de desenvolvemento profesional dos docentes reclaman, na nosa opinión, a existencia de múltiples axentes dinamizadores. O labor destes profesionais como apoio á renovación pedagóxica entre compañeiros adultos preséntase problemática e difícil. Investigacións alleas ó noso contexto, en países onde se levaron a cabo múltiples experiencias de deseño e desenvolvemento de innovacións, advírtennos da necesidade de clarificar roles e tarefas, de adoptar decisións organizativas e de creación de infraestructura material, ademais de ofrecer unha formación básica e continua dos "formadores de formadores" que responda ó perfil real do rol a desenvolver, ben sexa -segundo a clasificación de Louis et al. (1985)-, como "experto en contidos", focalizado cara á transferencia de tecnoloxía e/ou diseminación de prácticas modélicas e un proceso de mellora específico e prescrito, ben sexa coma "experto en procesos", dentro dun modelo de desenvolvemento escolar e/ou resolución de problemas e nun proceso de mellora comprensivo ou global a nivel local, ou ambos conxuntamente.

En Galicia, as condicións de partida problematizaron a boa imaxe e o desempeño da importante e delicada función dos "formadores de formadores" que a Administración non asume con tódalas súas consecuencias.

Por último, suliñar que en Galicia, como en xeral, no resto de España, a xustaposición de persoas, roles e funcións dentro dos servizos de apoio á escola non propicia un bo funcionamento dos mesmos e provoca en ocasións friccións, recelos e accións descoordinadas, que os docentes enxuician moi negativamente. A Administración debe garantir unha axeitada clarificación de roles e funcións e a coordinación entre os Servizos da Inspección, Equipso Psicopedagóxicos, Gabinetes para o estudo da Reforma Educativa, formadores de formadores e todos aqueles servizos que pretenden incidir sobre a mellora da calidade do ensino.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

- BLACKBURN, V. e MOISAN, C. (1986):** *La formation continué des enseignants dans les douze états membres de la Communauté Européenne*. Maastricht, Presses Interuniversitaires Européennes.
- CONSELLERIA DE EDUCACION DA XUNTA DE GALICIA (1988):** *Plan Ponte de Formación do Profesorado (Curso 1988-89)*. Documento policopiado, Santiago de Compostela, Consellería de Educación.
- CONSELLERIA DE EDUCACION DA XUNTA DE GALICIA (1989):** *Decreto 42/1989, de 23 de Febreiro polo que se regulan os Centros de Formación Continuada do Profesorado de Niveis non Universitarios*, (DOG, n° 62, do 31 de Marzo).
- FUENTES ABELEDO, E.X. e GONZALEZ SANMAMED, M. (1989):** "Necesidades formativas y concepciones curriculares: Bases para un diseño de formación en ejercicio". *Investigación en la Escuela*, n° 9, pp. 57-66.
- GIMENO SACRISTAN, J. (1988):** *El curriculum: una reflexión sobre la práctica*. Madrid, Morata.
- GONZALEZ SANMAMED, M. (1986):** *La formación en servicio del profesorado de EGB: Marco teórico y análisis descriptivo en la provincia de Orense*. Memoria de Licenciatura, Facultad de Filosofía y Ciencias de la Educación, Universidad de Santiago de Compostela.
- GONZALEZ SANMAMED, M. e FUENTES ABELEDO, E.X. (1990):** "A formación en exercicio do profesorado de EXB de Galicia (1982-1989)". En *A Educación en Galicia (Informe 0) II*, Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.
- IMBERNON, F. (1989):** *La formación del profesorado. El reto de la Reforma*. Barcelona, Laia.
- LOUIS, K.S. et al. (1985):** "External support systems for school improvement". En **VAN VELZEN W. G. ET AL.:** *Making school improvement work*, Leuven, ACCO, pp. 181-222.
- MARAVALL, J. M. (1984):** *La reforma de la enseñanza*. Barcelona, Laia.
- MEC E COMISION DAS COMUNIDADES EUROPEAS (1987):** *Formación permanente del profesorado en Europa: experiencias y perspectivas*. MEC, Madrid, Servicio de Publicaciones.
- MEC (1987):** *Orden de 23 de Noviembre por la que se convocan cursos de formación de Formadores en Didáctica de las Matemáticas, Didáctica de las Ciencias Experimentales, Didáctica de las Ciencias Sociales, Didáctica de la Lengua y Literatura Españolas y Didáctica del Ciclo Inicial*. (BOE, n° 283, de 26 de Noviembre).
- MEC (1989 a):** *Diseños Curriculares Base. Educación Secundaria Obligatoria I*. Madrid, MEC.
- MEC (1989 b):** *Plan de Investigación Educativa y de Formación del Profesorado*. Madrid, MEC.
- MONTERO MESA, L. (1985):** *Alternativas de futuro para el perfeccionamiento y especialización del profesorado de EGB*. Tesis Doctoral, Facultad de Filosofía y Ciencias de la Educación, Universidad de Santiago de Compostela.
- OCDE-CERI (1982):** *La formation en cours de service des enseignants. Condition du changement à l'école*. Paris, OCDE.